Tarxeta cidadá



Lugo no teu peto

Que é a Tarxeta cidadá?

É un dispositivo intelixente multiservizo que nos permite identificarnos e facer uso dos servizos municipais dun modo rápido e sinxelo.

Para que serve?

· Para aboar o billete de autobús urbano e do transporte metropolitano, co moedeiro de transporte, mediante o uso de lectores sen contacto.

· Para pagar nos parquímetros do sistema ORA co moedeiro de servizos mediante o uso de lectores con contacto.

· Para identificarte no acceso ás instalacións e para o aboamento de servizos municipais (reserva de pistas, bonos para piscina, etc.).

Progresivamente, o dispositivo gañará versatilidade e sumará novas utilidades.

BUS ORA

Modernizando os servizos públicos, melloramos a túa calidade de vida e facemos unha administración máis áxil e eficaz.

Quen pode solicitar a Tarxeta cidadá?

A Tarxeta cidadá pódena obter todas as persoas que vivan no termo municipal de Lugo.
As/Os menores de idade tamén poden obter a Tarxeta cidadá, no seu caso o contrato debe ser asinado polos seus proxenitores ou titores/as legais.
As persoas que non figuren empadroadas no Concello de Lugo tamén poderán obter a súa Tarxeta cidadá.

Onde se solicita?

Tes que concertar unha cita previa a través do teléfono 010 do Concello, onde ademais facilitaranche información sobre a documentación que terás que achegar para a solicitude.
Tamén podes solicitala desde a páxina web do Concello www.lugo.es

Que funcionalidades ten a Tarxeta cidadá?

A Tarxeta cidadá de Lugo dispón de dous moedeiros diferentes e independentes.

Moedeiro de transporte

O diñeiro cargado neste moedeiro servirá exclusivamente para o pagamento das viaxes nos autobuses urbanos do Concello e do transporte metropolitano que xestione a Xunta de Galicia.

Moedeiro de servizos municipais

O diñeiro depositado neste moedeiro destinarase a aboamentos no resto dos servizos municipais (ORA, Deportes, e os que posteriormente se incorporen ao sistema de xestión da tarxeta).

Saldos dos moedeiros

Moedeiro de transporte
O seu saldo oscilará entre 5€ e 60€.
Moedeiro de servizos municipais
O seu saldo oscilará entre 5€ e 180€.

Recarga da Tarxeta

Poderase realizar, en tramos de 5 en 5 euros, nas oficinas de Caixa Galicia ou na súa rede de caixeros automáticos.

Que bonificacións teño?

A Tarxeta Cidadá conta co mesmo sistema de bonificacións sociais que o existente na Tarxeta de transporte urbano actual.

Perdín ou roubáronme a tarxeta, que teño que facer?

Telo que comunicar nas oficinas municipais, e posteriormente deberás formalizar a solicitude dunha nova tarxeta na mesma oficina.

E si xa teño unha tarxeta de transporte que teño que facer?

A tarxeta cidadá substituirá, no prazo dun ano á tarxeta de transporte actual, que quedará sen efecto.

- Si a túa tarxeta ten bonificación, o Concello avisarate cando a debes cambiar.
- No caso contrario, debes solicitar canto antes a nova

BUS ORA

Concello de Lugo

A administración electrónica facilita
a túa participación no Concello.

Chama ao teléfono **010**
www.lugo.es

BUS ORA